

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

CURSO: 3º ESO

MATERIA: MATEMÁTICAS ORIENTADAS AS ENSEÑANZAS  
ACADÉMICAS

DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Identificadores			Crterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliabels
-----------------	--	--	------------------------	--------------------------------------

Identif criterios	Identif. estándar	Compet Clave	Mínimo esixible	Estándares de aprendizaxe (1)	Grao mínimo consec.
B1.1	MACB1.1.2	CMCCT	Coñecer os números fraccionarios, a relación entre fraccionarios e decimais e representalos sobre a recta.	Simplifica e compara fraccións.	80%
	MACB1.1.3	CMCCT		Pasa unha fracción a número decimal e un número decimal a fracción.	90%
	MACB1.1.4	CMCCT		Calcula a fracción dunha cantidade. Calcula a cantidade coñecendo a fracción correspondente.	90%
B1.2	MACB1.2.1	CMCCT	Realizar operacións con números racionais.	Realiza operacións combinadas con números racionais.	100%
	MACB1.2.2	CMCCT		Compara números decimais e realiza operacións combinadas con decimais.	90%
B1.3	MACB1.3.1	CMCCT	Coñecer as potencias de expoñente enteiro e aplicar as súas propiedades nas operacións con números racionais.	Calcula potencias de expoñente enteiro e expresa un número como potencia de expoñente enteiro.	80%
	MACB1.3.2	CMCCT		Calcula e simplifica expresións aritméticas aplicando as propiedades das potencias de expoñente enteiro.	80%
	MACB1.3.3	CMCCT		Resolve operacións combinadas nas que aparecen expresións con potencias de expoñente enteiro.	90%
B1.4	MACB1.4.1	CMCCT	Coñecer e manexar a notación científica.	Utiliza a notación científica para expresar números grandes ou pequenos e expresa con todas as súas cifras un número escrito en notación científica.	70%
	MACB1.4.2	CMCCT		Realiza operacións con números en notación científica.	70%
B1.5	MACB1.5.1	CMCCT	Coñecer algunhas propiedades dos radicais e aplicalas na simplificación en casos sinxelos.	Simplifica radicais en casos sinxelos.	80%
B1.6	MACB1.6.1	CMCCT	Recoñecer números racionais e irracionais.	Clasifica números de distintos tipos identificando, entre eles, os irracionais.	80%
B2.1	MACB2.1.1	CMCCT	Coñecer e manexar os conceptos e a terminoloxía propios da álgebra.	Coñece os conceptos de monomio, polinomio, coeficiente, grao, monomios semellantes, identidade e ecuación e identifícaos.	80%
B2.2	MACB2.2.1	CMCCT	Operar con expresións alxébricas.	Opera con monomios e polinomios.	90%
	MACB2.2.2	CMCCT		Aplica as identidades notables para desenvolver e simplificar unha expresión alxébrica.	100%
	MACB2.2.3	CMCCT		Recoñece o desenvolvemento de identidades notables e exprésao como cadrado dun binomio ou un produto de dous factores.	70%
	MACB2.2.4	CMCCT		Calcula o cociente e o resto da división de polinomios.	80%
	MACB2.2.5	CMCCT		Opera con fraccións alxébricas sinxelas.	80%
B2.3	MACB2.3.1	CMCCT	Coñecer os conceptos propios das ecuacións.	Coñece os conceptos de ecuación, incógnita, solución, membro, equivalencia de ecuacións, etc., e identifícaos.	100%

Identif criterios	Identif. estándar	Compet Clave	Mínimo esixible	Estándares de aprendizaxe (1)	Grao mínimo consec.
B3.1	MACB3.1.1	CMCCT	Coñecer e manexar a nomenclatura propia das sucesións e familiarizarse coa busca de regularidades numéricas.	Escrebe un termo concreto dunha sucesión dada mediante o seu termo xeral, ou de forma recorrente.	60%
	MACB3.1.2	CMCCT		Obtén o termo xeral dunha sucesión dada polos seus primeiros termos (casos moi sinxelos).	50%
B3.2	MACB3.2.1	CMCCT	Coñecer e manexar con soltura as progresións aritméticas.	Recoñece as progresións aritméticas e calcula a súa diferenza, o seu termo xeral e obtén un termo calquera.	80%
	MACB3.2.2	CMCCT		Calcula a suma dos primeiros termos dunha progresión aritmética.	80%
B3.3	MACB3.3.1	CMCCT	Coñecer e manexar con soltura as progresións xeométricas.	Recoñece as progresións xeométricas, calcula a súa razón e o seu termo xeral e obtén un termo calquera.	80%
	MACB3.3.2	CMCCT		Calcula a suma dos primeiros termos dunha progresión xeométrica.	80%
	MACB3.3.3	CMCCT		Calcula a suma dos infinitos termos dunha progresión xeométrica con $ r  < 1$ .	60%
	MACB3.7.2	CMCCT		Calcula, analiticamente e graficamente, os puntos de corte entre unha parábola e unha recta.	70%

B2.4	MACB2.4.1	CMCCT	Resolver ecuacións de diversos tipos.	Resolve ecuacións de primeiro grao.	100%
	MACB2.4.2	CMCCT		Resolve ecuacións de segundo grao completas (sinxelas).	90%
	MACB2.4.3	CMCCT		Resolve ecuacións de segundo grao incompletas (sinxelas).	90%
B2.5	MACB2.5.1	CMCCT	Coñecer os conceptos de ecuación lineal con dúas incógnitas, as súas solucións; sistemas de dúas ecuacións con dúas incógnitas, así como as súas interpretacións gráficas.	Asocia unha ecuación con dúas incógnitas e as súas solucións a unha recta e aos puntos desta.	80%
	MACB2.5.2	CMCCT		Resolve graficamente sistemas de dúas ecuacións con dúas incógnitas moi sinxelos e relaciona o tipo de solución coa posición relativa das rectas.	80%
B2.6	MACB2.6.1	CMCCT	Resolver sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas.	Resolve un sistema lineal de dúas ecuacións con dúas incógnitas por calquera dos métodos.	100%
	MACB2.6.2	CMCCT		Resolve un sistema lineal de dúas ecuacións con dúas incógnitas que requira transformacións previas.	80%

## 1. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Realización de probas escritas e orais, resolución de exercicios na aula, traballos (1º e 2º trimestre). Traballos telemáticos de reforzo, ampliación e recuperación e probas telemáticas (3º trimestre).</p> <p>Instrumentos: Probas escritas, traballos e resolución de problemas e exercicios de forma telemática.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para todos os que teñen a 1ª e 2ª avaliacións aprobadas a nota final será a media aritmética da primeira e segunda avaliación máis un punto como máximo que poderan acadar a través das actividades de repaso, ou ampliación durante o terceiro trimestre.</p> <p>Para os que teñen algunha avaliación suspensa, poderan mediante unhas actividades de recuperación, a maiores das de reforzo e repaso, acadar un punto máis. Se a nota media da 1ª e 2ª avaliación xunto cos dous puntos que poderían acadar con ditas actividades de repaso-reforzo (1 punto) e recuperación (1 punto) enviadas de xeito telemático non fosen suficientes para acadar unha avaliación positiva, procederíamos a argallar unha proba oral ou escrita, presencial ou telemática de non ser posible acudir ao centro, e sempre garantindo a igualdade de oportunidades para todo o alumnado, que lle permita acadar dita avaliación positiva.</p> <p>As tarefas (de tódolos tipos: repaso-reforzo, ampliación ou recuperación) que se envíen fóra de prazo, non contan positivamente se a profesora xa colgou as solucións na aula virtual.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>A proba extraordinaria de setembro contemplará a avaliación daqueles contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación establecidos neste documento. No caso de non ser posible a realización de forma presencial desta recuperación buscaranse xeitos alternativos para a realización da proba que garanta a igualdade de oportunidades para todo o alumnado</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación: A avaliación realizarase de acordo cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe especificados no curso que teñan pendente por superar.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Ata 2 puntos adicionais pola entrega correcta dos boletíns entregados de xeito telemático durante o terceiro trimestre (actividades de reforzo e actividades de recuperación), que se suman á nota obtida na primeira proba de avaliación realizada en febreiro.</li><li>• No caso de que un alumno acade os dous puntos pero a media coa proba de febreiro non lle permita o aprobado, realizarase unha proba telemática nas últimas semanas de curso, de xeito que se garanta a posibilidade do mesmo de superar o curso pendente</li></ul> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba escrita (realizada en febreiro) e boletíns de exercicios de recuperación.</p>

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Estanse a repasar os contidos traballados, en forma de actividades de recuperación e reforzo para o alumnado que teña algunha avaliación suspensa, e reforzo e ampliación para os demais.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Todas as semanas cólgase na aula virtual do centro, un ficheiro coas instrucións das tarefas que debe realizar o alumnado segundo teñan que recuperar algunha avaliación, ou sexan de reforzo e/ou ampliación.</p> <p>Xunto con este ficheiro incorpórase un novo coas actividades a desenvolver. Pídeselle que as envíen a un correo electrónico disposto para este fin e corríxense; infórmase por correo ao alumnado desta corrección e inclúese un modelo de solucións para que revisen e corrixan as actividades que resolveran de xeito incorrecto. Esta corrección deben facela efectiva no caderno de actividades para que as arquiven, de ser o caso, para a súa comprobación. Estas solucións tamén se colocan na aula virtual. Debido a isto último, non se terán en conta positivamente as actividades enviadas polo alumnado unha vez que se colguen as solucións na aula virtual.</p> <p>Tamén se poden comunicar conmigo por correo electrónico, sendo este o medio principal de comunicación para a entrega de tarefas, aparte da aula virtual e, se é o caso, para información ás familias, ou o TokApp.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Libros de texto, tablets, ordenadores, móbiles.

## **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Todas as modificacións das programacións didácticas van a ser colgadas na Web do Centro.

As familias e o alumnado recibiran ademais un TokApp ou correo electrónico informando.